

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****MUNICIPAL****SILLEDA****Ordenanzas e Regulamentos***ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES**ANUNCIO**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPUESTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI)*

Logo da aprobación provisional polo Concello en Pleno celebrado o 26 de Setembro de 2.019 e publicada no Boletín Oficial de Pontevedra do 08 de outubro de 2019, nº 193, sen que se presentaran reclamacións ou suxerencias durante o trámite de exposición pública, faise público o texto íntegro da Ordenanza, que queda aprobada definitivamente, mediante publicación do BOP, para a súa entrada en vigor o un de xaneiro do ano dous mil vinte.

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPUESTO SOBRE BENS INMOBLES:****ORDENANZA FISCAL Nº 1****ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPUESTO SOBRE BENS INMOBLES****Artigo primeiro**

No uso das facultades normativas outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, sobre potestade normativa en materia de tributos locais, e de conformidade, asemade, co establecido nos artigos 15 e seguintes, así como no Título II e artigos 61 e seguintes, todos eles da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, de modificación de dita norma, regulase mediante a presente Ordenanza fiscal o Imposto sobre Bens Inmobles.

**Artigo segundo**

1.—O tipo de grávame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de natureza urbana queda fixado no 0,53 por cento”.

2.—O tipo de grávame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,43 por cento.

3.—O tipo de grávame do Imposto sobre Bens Inmobles aplicable os bens inmobles de características especiais, definidos estes no artigo 2.7 da Lei 48/2.002, de 23 de Decembro, Lei do Catastro Inmobiliario e sitios no termo municipal de Silleda, queda fixado no 1,3 por cento.



Xoves, 5 de decembro de 2019

Núm. 234

**Artigo terceiro**

1. En virtude do artigo 63.4 da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese unha exención por cuantía mínima que se aplicará do seguinte xeito:

a) Quedarán exentos os bens inmobles de natureza urbana que teñan unha cuota líquida inferior ou igual a 2,50 euros.

b) Quedarán exentos os bens inmobles de natureza rústica que teñan unha cuota líquida inferior ou igual a 2 euros.

**Artigo cuarto**

1. En virtude do artigo 74.1 da Lei Reguladora das Facendas Locais aplicarase unha bonificación do 50% na cuota íntegra do imposto, sempre que así se solicite polos interesados antes do inicio das obras, para os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta e non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel en que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre e cando durante ese período se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso poida exceder de tres períodos impositivos.

2. En virtude do artigo 74.2 da Lei Reguladora das Facendas Locais aplicarase unha bonificación do 50% na cuota íntegra do imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó outorgamento da calificación definitiva, para as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a estas conforme a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. En virtude do artigo 75.4 da Lei Reguladora das Facendas Locais aplicarase unha bonificación do 25% na cuota íntegra do imposto a favor de aqueles suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa, previa solicitude do interesado e previa acreditación por parte do mesmo desa condición, sempre e cando os bens inmobles sobre os que se pretenda aplicar a bonificación non teñan un valor catastral superior ós 15.000 euros.

Así mesmo deberá acreditarse por parte do interesado, que o inmovible sobre o que pretende que se lle aplique a bonificación, constitúe a súa vivenda habitual, que están empadroados nela todos e cada un dos membros que constitúen a unidade familiar numerosa.

4. As bonificacións ás que fan referencia os tres apartados anteriores deste artigo terán carácter rogado, e será necesaria a acreditación do suxeito pasivo de estar incurso nalgún ou nos tres supostos establecidos para cada unha delas, presentando a documentación demostrativa dos mesmos.

No caso de concorrer simultaneamente máis dun suposto dos referidos nos parágrafos anteriores, aplicarase a bonificación que resulte mais vantaxosa para o suxeito pasivo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación:DJMKY06PJSHSZ4VR



Xoves, 5 de decembro de 2019

Núm. 234

5. Establécese unha bonificación da cota íntegra do imposto a favor de inmobles urbanos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, regulada no artigo 74.2 quáter do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Esta medida será de aplicación unicamente a aqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como a aqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións sempre e cando implique creación de emprego. As porcentaxes de bonificacións son as seguintes:

- Dun 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo.
- Dun 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo.
- Dun 50% pola creación de ata 10 postos de traballo.

As anteriores bonificacións manteranse durante tres exercicios orzamentarios e se concederán a petición do interesado, unha vez acredite que se cumpren as condicións requiridas para ser beneficiario das mesmas. As devanditas bonificacións quedarán sen efecto de non cumprirse as condicións por razón das cales se concederon as mesmas.

Considerarase que existen circunstancias de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego cando se creen novos postos de traballo.

Os beneficiarios deberán solicitar a bonificación presentando as altas na Seguridade Social e contratos de traballo dos novos empregados/as, así como canta documentación lle poida ser requirida polo concello de Silleda de cara a comprobación do mantemento das circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da respectiva bonificación.

Para poder gozar da bonificación prevista neste apartado, o suxeito pasivo beneficiario deberá estar ao corrente no pagamento das súas débedas coa Facenda Estatal, Autonómica e local así como nas cotas correspondentes á Seguridade Social.

Corresponde ao pleno do concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento de emprego así como o outorgamento das ditas bonificacións, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros.”

6. As bonificacións establecidas neste artigo non serán compatibles entre si nin acumulables.

#### **Artigo cuarto. Bis**

1. De conformidade co establecido no artigo 74.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello establece para o ano 2016, unha bonificación do 95% da parte da cuota íntegra do imposto relativa a construcións rústicas indispensables para o desenvolvemento das explotacións agrícolas, gandeiras, ou forestais, previa declaración de especial interese ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias tanto sociais como de fomento de emprego.



Xoves, 5 de decembro de 2019

Núm. 234

2. De conformidade co establecido no artigo 74.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello establece para o ano 2019 unha bonificación do 50% da parte da cuota íntegra do imposto relativa a construcións en solo rústico indispensables para o desenvolvemento das explotacións agrícolas, gandeiras, ou forestais, previa declaración de especial interese ou utilidade pública municipal por concorrer circunstancias tanto sociais como de fomento de emprego, nos casos en que a instalación/construción estea dada de alta na Dirección Xeral do Catastro como una unidade única, sen separación do uso residencial (vivenda) do agropecuario (granxa).

Entenderase como construción rústica indispensable para o desenvolvemento das explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais, aquelas que, de acordo coa normativa do catastro inmobiliario, teñan atribuídas as seguintes codificacións de destino de locais: BCR(CASETA DE REGO); BCT(CASETA DE TRANSFORMACIÓN); BIG(INSTALACIÓNS GANDEIRAS); JGR(GRANXAS); JIN(INVERNADOIROS), ZBE(BALSAS-ESTANQUES); ZDL(DEP.LIUID.TANQUES), e ZSL(SILOS, DEP. SOLID).

Para os exercicios seguintes seguirá operando tal bonificación ata o momento en que se decida modificar ou derrogar a presente ordenanza .

Esta bonificación, que terá carácter rogado, poderá solicitarse mediante modelo normalizado que se estableza, dende o día 1 de xaneiro ata o 31 de marzo do exercicio en que vaia a ter efectividade, e a súa concesión manterase para os exercicios sucesivos ata que se modifique ou derroge a presente ordenanza.

Silleda a 27 de novembro de 2019

O Alcalde

Documento asinado electronicamente

Asdo.: Manuel Cuiña Fernandez

